

ESCRITOR E FOTÓGRAFO

Vítor Vaqueiro: “Non acredito que esteamos a vivir nun sistema democrático”

“Non acredito que esteamos a vivir nun sistema democrático”, subliña o escritor, fotógrafo e profesor da USC

POR MANUEL VIDAL VILLAYERDE | 18.08.2008

Vítor Vaqueiro
(Vigo, 1948) é
escritor e
fotógrafo.
Licenciado en
Química pola
Universidade de
Santiago de
Compostela e
doutor en



Vítor Vaqueiro é autor de estudos sobre fotografía, libros de poemas e de relatos e algunhas novelas

Ciencias da Comunicación pola mesma universidade, onde exerce a docencia, é autor de libros como *Camiño de Antioquía*, co que gañou o Premio Esquíu de poesía en 1981, e *A fraga prateada*, Premio de la Crítica española en 1984. Cofundador do Centro de Estudos Fotográficos e da Fotobienal de Vigo (1984), codirixiu a Sala dos Peiraos de Vigo, a primeira galería estábel de Galiza dedicada exclusivamente á fotografía.

Se che parece Vítor, imos iniciar esta conversa pola situación política da nación galega, que aínda non pasou de ser "nacionalidade histórica", que como como dixo alguén, e eu compartillo, non é máis nin menos que un eufemismo constitucional do Estado español. Tal termo ou definición hoxe, ao meu xuízo, non di nin reflicte absolutamente nada, e tal que digo hoxe, podo dicir que tampouco no seu día aclaraba ren, é dicir, que fala de algo que foi pero xa non é, metamorfoseado agora en "comunidade autónoma", que é o que anuncia o Estatuto vixente, xa que difícil vai ser que o nacionalismo español a acepte como Nación, pois para eles ,PP, PSOE, e tacitamente outras forzas nacionalistas de nós falan dun nacionalismo ambigüo. Ben; un entende que nacionalismo é inherente a independentismo, en cuxa definición non surreal están entre outros sinais identitarios o idioma que nós é propio, aínda que a ignorancia e o fascismo

interactivo dos asimilados ou colonizados sosteñan a vacuidade dunha Galicia (ou Galiza) bilingüe, etc. Cal é daquela, Vitor, a túa resposta ou posicionamento á miña reflexión?

Unha característica de calquera Estado e dos chamados procesos de comunicación consiste na ocultación dos elementos esenciais. E, nese sentido, o eufemismo constitúe un elemento basilar. Se percorremos o camiño de definición institucional da Galiza, veremos que, en primeiro lugar, durante a ditadura, cualificóusenos como rexión; no proceso de transición, pasouse a denominar un ente preautonómico; máis tarde, unha comunidade autónoma e, finalmente, fase actual, resulta relativamente frecuente a referencia ao país como unha nacionalidade histórica. Se observamos esta secuencia, comprenderemos que o Estado tenta nomear de todas as maneiras posíbeis o que para el resulta irredutíbel, inasumíbel, que é a categoría nación. Será o propio pobo galego quen, coa súa práctica, ditamine se esa categoría acaba por triunfar, no papel e na realidade diaria ou se, pola contra, o país fica, definitivamente, ancorado na categoría de comunidade que a min sempre me lembrou un conxunto de eremitas ou frades.

Idioma. Pérdense falantes, lectores, ou pola contra estamos no mellor camiño?

Semella que todos os datos apuntan ao feito de se perderen falantes. Tamén a un incremento importante de lectores e libros publicados. Eu diría que estamos nunha situación contraditoria: o galego nunca estivo máis ameazado e, ao tempo, nunca estiveron máis organizadas as forzas de resistencia que se opoñen á súa desaparición. En grande medida, trátase dunha cuestión de confianza nas propias forzas, de estarmos convencidos de que a batalla polo idioma se pode gañar se actuarmos coherentemente con esa premisa. E non perdendo nunca de vista o portugués e tentando diminuír na escrita a distancia que nos separa del. Ignoro – aínda que adiviño – as resistencias a adoptar unha grafía o máis achegada posíbel a unha lingua que non difire máis da nosa que o que difire o idioma "cántabro" da lingua "boliviana". Ignoro por que non se intenta buscar un territorio comunicacional de case 300 millóns de persoas, en troca de un de tres. Desde logo, sei que o Estado, do que falei antes, fica contente coa situación actual e non desexa, en absoluto, nada diferente.

A socialdemocracia parasita e mesmo confunde as actitudes do nacionalismo– independentismo galego con representación parlamentar aquí ou mesmo na representación que aínda como "provincia" temos no parlamento español?

O capitalismo esmagador e esgazante fai estragos entre nós; alomenos eu non teño dúbida a xulgar polas actitudes ataráxicas dos nosos persoeiros, que nas súas públicas declaracións e actitudes reproducen e mesmo apoian aos que xamais lles van dar o voto se non é baixo a conditio para eles se perpetuar no poder na máis ampla expresión da palabra?

Galicia (ou Galiza) como nación aínda é un mosaico de calafríos no cal están integrados pseudocolonizados, folclóricos e perversos colonizadores cabo dos

submetidos?

Galiza, Galiza. Acaso non foi sempre así, Galiza? Ou é que non existiron obras que, hai moitas décadas, se chamaron *Sempre en Galiza* ou *As cruces de pedra na Galiza*? Ou é que, hai agora corenta anos, non se dicía *Viva Galiza ceibe e socialista*? Que é o que mudou? Agora que, mesmo a oficialidade, acepta a forma Galiza non vexo por que habemos dubidar nalgo no que os nacionalistas acreditamos dende sempre. Galiza, como calquera conxunto submetido a un proceso de dominación, é unha entidade plural na que conviven diferentes formas de expresión política. Collamos un exemplo que se manifesta con moita claridade: o conxunto das mulleres. No interior dese bloco heteroxéneo existe un sector plenamente consciente da situación de subordinación na que se acha todo o colectivo. Ese grupo expresa, política e claramente, os seus desexos de emancipación: é o que se adoita chamar o movemento feminista. Unha segunda fracción declárase igualmente feminista, mais acusa o primeiro de practicar un feminismo radical (acá o termo radical aparece, como sempre, tinxido dun profundo ar pexorativo); este grupo é o que postula que o movemento feminista só desexa invertir a situación de inxustiza anterior e colocar o home baixo da súa bota, formulación que cadra, case milimétricamente, cuns dos principios reitores que animan a certas organizacións contemporáneas de militancia lingüística antigalega. Finalmente, dentro dese conxunto de mulleres, existe un terceiro grupo con posicionamentos indistinguíbeis dos de moitos homes. Eses tres grupos poden ser detectados, igualmente, na loita antiracista ou na loita de liberación nacional. Sempre ocorre que, como consecuencia da acción do dominador, no interior das fileiras do dominado aparece a escisión. Están as persoas que defenden, as que atacan e o seitor, en xeral amplo, das amedoñadas.

En que etapa da historia que nos tocou de vivir nos atopamos? Hai un limpo e claro horizonte, ou é unha "paisaxe" atoldada chea de mercaderes de afectos e ideas...?

Penso que nos tocou vivir unha época como outra calquera. En xeral, a humanidade, do meu punto de vista, móvese como os procesos de transmisión de enerxía: de maneira cuántica, non discreta, a saltos. Se analisamos a historia, comprendemos que a maior parte do tempo correspóndese cun estado de latencia, ao que chaman os maus xornalistas, unha situación de calma tensa. Quere dicirse, unha calma aparente que, por debaixo, agacha a existencia de forzas opostas, da contradición, do enfrontamento. Normalmente é precisa a aparición dun acontecemento para que o que se achaba soterrado saia á superficie e mostre unha realidade diferente á imaxinada. Nós tivemos a ocasión de comprobar o que quero dicir: o 30 de novembro de 2002 moitas das persoas que ao día seguinte nos íamos manifestar a Compostela pola desfeita do Prestige, pensábamos que a convocatoria non ía ser un fracaso. Poucas delas, porén, apostarían por acharse perante a manifestación máis impresionante da historia da Galiza. En grande medida, ao meu ver, a desfeita do Prestige mudou a Galiza dunha maneira importante. O que acontece que este tipo de trocos case nunca son perceptíbeis – como temos tendencia a imaxinar– electoralmente. E iso é o que desconcerta a moita xente.

Unha nación sen Estado ten posibilidades de supervivencia ou non é máis que unha lilaila para que a inocencia se entreteña e prosiga na alienación dos afectos e desafectos?

Do meu punto de vista, non. Aínda máis: nin sequera estou certo de que unha nación con Estado teña garantida a súa supervivencia. Mais, para alén da garantía ou a non garantía, para min a existencia dun estado propio é un dereito inexcusabelmente democrático. Da mesma maneira que a cidadanía ten dereito ao divorcio, esa mesma cidadanía tamén ten, colectivamente, o dereito a se divorciar termo que, en linguaxe política, se denomina independencia. Non deixa de ser interesante que nos últimos tempos, na mal chamada globalización, apareceran en Europa máis de dez novas nacións. E, no horizonte, Flandres ou Escocia.

Democracia e monarquía. Dous antagonismos; dúas formas irreconciliábeis entre si. Como é que a esquerda dunha e outra banda acepta semellante situación que no caso da nosa Nación nós vén imposta dende o nacionalismo hexemónico?

Se me permites, debo negar esa oposición, dado que non acredito que vivamos nun sistema democrático. Ao meu ver, vivimos nun sistema de liberdades formais que, naturalmente, difire profundamente dunha ditadura como a que deixamos atrás. Ora, entre un sistema de liberdades e un sistema democrático existe un longo treito que, indubitabelmente, o Estado español no cubriu. O que digo, como xa te imaxinas, é extensíbel a calquera outro Estado que se autonomee como democrático. Deberíamos ter claro que unha cousa é o que aparece escrito nos textos constitucionais e outra, ben distinta, a realidade. A democracia, para merecer tal nome, debería comezar por establecer varios niveis estritamente paritarios: en primeiro lugar, o da democracia económica e, en segundo, o da estrita igualdade de dereitos. Con sinceridade: alguén acredita que, perante os tribunais, Gordon Brown ten os mesmos dereitos que un estibador de Southampton? É posíbel que a Facenda italiana trate idénticamente a Berlusconi que a unha peixeira de Rimini? Ten a mesma probabilidade de ser executado na cadeira eléctrica Bill Gates que un preto de Alabama? Fagamos estas preguntas nos Cantóns d'A Coruña, na rúa do Franco, ao pé d'As Burgas ou na rúa do Príncipe e despois comecemos a pensar o concepto que as persoas teñen do que é a democracia. Dito isto, no caso español a presenza dun monarca directamente imposto polo ditador e que no seu día xurou os Principios Fundamentais do Movemento non vén sendo máis que un xiro de torca da cuestión antidemocrática. Sinaladamente cando o ditador érao porque acabou cun réxime legalmente constituído. Co "consenso", e outras andrómenas, adrede ou con estolidez e longos enganar, mesmo o nacionalismo galego –con representación parlamentar, insisto– contribuíu e contribúe a un entreguismo para a destrución da riqueza da Nación (estou a me referir as canteiras ou pedreiras, ás "granxas" mariñas, ao do gas, ríos, montes, etc.)?

Un mundo sen fronteiras non é máis que unha ensoñación propia e libertaria do individuo. Creo que as fronteiras xamais desaparecerán, pero si poden ser harmónicas, porque a tolerancia -ao meu sentir- non é máis que unha falacia para que o ser oprimido acepte a solerte bondade do outro, relixioso ou político, que veñen ser unha mesma cousa. En que poderíamos concorrer, se é que concorremos?

A tolerancia non é máis que o límite que impon o intolerante á norma que el mesmo dita. Tense citado reiteradamente a Locke cando sinala que hai que ser tolerante con todos os cristiáns e intolerante con todos os ateus. A verdadeira face dos tolerantes maniféstanse cando falan de "tolerancia cero". E, cada día aplícase este concepto de tolerancia cero a máis cousas.

Imos agora, Vítor, sobre a túa recente novela: 'Os espellos do tempo', texto, intertexto, pero nunca paratexto (ou si?), na cal ti partes, ata onde eu entendo, deliberadamente, ou non, dos contidos explicitados por McLuhan, onde parece que se enreda ou enguedella o medio coa mensaxe, e mesmo o medio transita á proposta. Podes contar?

Non me deixa de sorprenden que cites a McLuhan e aos procesos comunicativos nos cales eu non acredito demasiado, polo menos na súa forma oficial. Acho que ese discurso do emisor-receptor-meio-mensaxe etc. complica máis que simplifica – intencionadamente–o proceso comunicativo. Segundo se admite, nesa continuidade de fluxo, que segue o esquema que veño de nomear, é onde se atopa a comunicación. É moi interesante analizar o propio termo de comunicación que vén sendo poñer en circulación o que é común. Porén, poñer en circulación o que é común equivale a aceptar a regra do consenso –que é, con John Sturges, a Conspiración de silencio, para calar o que é impronunciábel– a poñer en movemento lugares comúns e, por tanto, a renunciar ao enunciado do novo. Xustamente, eu acredito en todo o contrario: existe comunicación cando se interrompe ese fluído do que falaba, cando se enuncian aspectos que rompen o discurso dominante, oficial. Así ocorre sempre: en 1789 hai interrupción, como a hai en 1917 e daquela formúlanse novos principios, interpelando alguén –en xeral, unha minoría– a sociedade. Así ocorre en 1905, cando Einstein –minoría– formula o novo, algo que bate co pensamento científico dominante, como batera, 300 anos antes, a formulación galileana –minoría–. Así, Paul Klee, ou Joyce, ou Kafka: sempre en minoría, en oposición e de maneira revolucionaria. E debo subliñar que ese troco, normalmente, faise coa oposición da maioría e de maneira pouco sosegada. Para non parecer que tento unha soflama incendiaria, citarei a alguén procedente do territorio da ciencia, Thomas Kuhn, que sinala que o patrono de desenvolvemento habitual da ciencia é o troco de paradigma mediante algunha revolución.

Xustamente, así é como hoxe se nomea o pasado: revolución copernicana, acostumamos escoitar. Indo a *Os espellos do tempo*, eu tentei, o mesmo que na anterior *Os nomes da morte*, a explicitación dunha forma que puidese poñer de manifesto as relacións entre diversos planos, esencialmente os da realidade, o imaxinario, a verdade, a verosimillanza, a falsidade. Achaba que a fotografía era unha boa metáfora xa que aínda hoxe, e malia o Photoshop, moita xente acredita na fotografía, a cal non ofrece certeza mais si verosimilitude. Outras cousas tamén están presentes na novela: a escisión do Eu do que falei antes, a memoria, o confronto social, a dignidade, a morte. En fin os meus temas inevitábeis. E, ademais, unha procura formal nova. Eu penso que moita narrativa contemporánea –non só a galega obviamente– fica aínda moi presa da novelística do século XIX. Acho que, o mesmo que a aparición da fotografía obrigou a pintura a unha importante viraxe no sentido de esquecemento da representación naturalista, a novela non debe pasar por alto a aparición dun potente artefacto narrativo, como é o cinema, e debe tripar outros camiños. Paradoxalmente, talvez guiadas pola sona ou o beneficio económico, moitas persoas que escriben novela tenden á

realización de obras que

poidan ser inmediatamente adaptadas ao filme. Penso que ese non é un bo camiño.